



CONCELLO DE SANTIAGO

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 17 DE AGOSTO DE 2011

LICENZAS

OCiHR

LIC/567/2011.- ARZOBISPADO DE SANTIAGO.- Ampliación do cemiterio de San Vicente de Marantes e remisión da solicitude para tramitación de autorización.

LIC/745/2011. – COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DA RÚA DE RIANXO nº12. Rehabilitación para adecuación funcional de edificio no polígono de Vista Alegre na rúa de Rianxo nº 02.

3.- Proposta da Alcaldía relativa ao nomeamento dunha asesora.

Acórdase o nomeamento como asesora de María del Mar Hinojosa Izquierdo.

4.- Adxudicación do subministro de material diverso de microinformática para o concello.

Adxudícase o devandito contrato de subministro á empresa LA TECLA SANTIAGO, S.L., por importe de 13.496,82 euros.

5 a 34.- Propostas da concelleira delegada de facenda, orzamentos e contratación relativas a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, e no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

Concédense os beneficios fiscais solicitados.

35.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Deputación da Coruña para financiar o sostemento do centro cultural e xuvenil do Ensanche durante 2011.

Dáse conta da sinatura do devandito convenio, polo que a Deputación da Coruña achega 180.000 euros, o que supón o 77,59% dos gastos totais.

36.- Dar conta da concesión ao concello dunha subvención da Deputación da Coruña para o programa "En positivo. Por unhas relacións sen violencia", e aprobación do gasto para a execución do programa subvencionado.

Dáse conta da concesión dunha subvención de 28.486,09 euros pola Deputación da Coruña para o devandito programa.

37.- Dar conta da concesión dunha subvención pola Xunta de Galicia para actividades dirixidas á xuventude, promoción da información xuvenil e incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías durante 2011.

Dáse conta da concesión dunha subvención de 2.970,91 euros pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado (Consellería de Traballo e Benestar) para as devanditas actividades.

URXENCIAS

1.- Adxudícanse as obras de acondicionamento do entorno do Centro Sociocultural de Marrocos, incluídas no POS 2011 da Deputación da Coruña á empresa UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU, por un importe de 128.493,06 euros.

2.- Apróbase o orzamento a achegar polo Concello para a anualidade 2011 do proxecto europeo SUITE, pertencente ao programa europeo URBACT, cofinanciado con Fondos Europeos FEDER, por un total de 35.002,70 euros.

3.- Apróbase a reprogramación do orzamento 2011 do programa PARKATLANTIC (no que o Concello de Santiago participa como xefe de fila), que queda establecido en 159.622,78 euros.